

Prezados e prezadas amigas, prezada familia de Luísa Villalta, cunha lembranza especial ao seu pai que infelizmente nos deixou antes de poder asistir a este ano tan importante no devir, non só da escrita de Luísa, senón tamén do sistema literario galego no seu conxunto, ao que ela pertence, achegando unha obra que permanecerá no tempo.

Este acto que hoxe nos convoca, cando se cumpren 20 anos do seu pasamento, vén celebrar como hai dez anos, aquí, neste lugar cuxo nome nos abraza, no mesmo Teatro Rosalía de Castro no mesmo lugar que nos acollera e abrazara coas súas cálidas maos hai 20 anos. Que mellor sitio para reivindicar a Luísa e celebrarmos a súa obra!

Convócanos tamén, de maneira determinante, a celebración da súa obra e do seu compromiso vital, ético e solidario ao lle ter dedicado a Real Academia Galega neste 2024 o Día das Letras Galegas, honrando o seu nome e traxectoria.

A poesía que percorre toda a súa obra, aínda que creou en case todos os xéneros, abre a porta a coñecer as verdades profundas, que asolagan a vida das desposuídas, daquelas mulleres con nome e apelidos, mais anónimas, sen apareceren nos libros ou nos mass media. Son elas as galegas que, en xustiza, na súa invisibilidade temos que recoñecer como fixo Luísa. Son as que están a construír a historia, a facer que a humanidade avance, contando e cantando esa historia na lingua da que somos afortunados e afortunadas posuidoras. Elas partillan a estrela que Curros puxo na fronte de Rosalía, facendo dela Castelao a estrela no horizonte da nosa redención.

A obra de Luísa é especialmente actual, porque dá resposta ás necesidades da Galiza como colectivo humano que ao longo dos séculos creou unha cultura, ao tempo que foi desposuída do dereito a decidir que camiños escoller para o progreso das súas xentes, para resolver as eivas que nos fixeron emigrar ou seren saqueados os nosos recursos naturais. A súa é unha obra de vangarda porque segue a dar respostas desde un futuro de dignidade, desde o máis profundo da súa humanidade e do seu talento creador. Ela achéganos as ledicias e as dores coas que todo ser humano camiña os territorios da esperanza activa.

A vitalidade da súa escrita habitada polo seu compromiso ético dótna dunha conciencia insubornábel que dá testemuña vigorosa, na súa escrita, sexa literaria ou de pensamento. Un mal vento levounola moi nova e aínda así entregou ao noso idioma unha extensa obra cualitativamente importante, de calidade incuestionábel.

Desde a modernidade crítica da súa obra, tomou partido contra o xenocidio palestino, xa naquela altura, así como contra a destrución da nosa natureza como creación humanizada por parte do noso pobo, xustamente un dos da Europa que máis ten humanizado a terra.

A súa obra sobreviviranos porque é necesaria, actual, e ten na cerna da súa palabra vigorosa ás desposuídas, aquelas que o patriarcado depredador nega, tomando partido polas desherdadas.

Ela será referente das voces máis novas, porque necesitamos a súa obra liberadora como camiño de coñecemento onde a música cose os distintos libros dando coherencia ao conxunto da obra.

Luísa era unha querida compañeira en todo aquilo que lle era propio ás escritoras e escritores galegas e galegos, na defensa do noso idioma partillamos con ela ter formado parte do Consello Directivo da AELG. Respectada e admirada nas reunións do Galeusca, como ben nos lembra a poeta de Euskadi norte Itxaro Borda: “por riba de todas, a elegante e profunda poeta galega Luísa Villalta, con quen durante dez anos mantiven correspondencia”.

Tocoulle vivir un tempo fundacional onde o convivio entre as tres promocións xeracionais foi importantísima. Sempre tivo un entorno especialmente culto. Creo que foi unha fortuna para nós, e, se me permiten, para quen lles fala, como parte do proxecto colectivo que era A Nosa Terra Edicións, onde editou tres dos seus libros, ou participando nos actos do día da Galiza Mártir que en San Pedro de Nós celebraba xa na altura a A. C. Alexandre Bóveda.

Si, algúns e algunhas de nós tivemos a fortuna de poder partillar, desde o afecto, a súa amizade, estando as nosas biografías, xunto á dela, incardinadas dentro da biografía colectiva. O seu eu poético éo dentro dun nós que é desta Terra, un nós que é a nosa xente, a memoria individual e colectiva do que máis fermoso e solidario ten creado este pobo. Moitas das fotografías compartidas dan unha idea de que coincidíamos en actos públicos reivindicativos ou para celebrar cos nosos poemas a outras escritoras, unha amizade que naceu da fraternidade.

Agradecemos á súa familia que a totalidade da obra estará publicada, sendo no futuro a responsábel de autorizar a súa reedición para que cumpra a súa función social. A AELG pon ao seu dispor, como fixo ao longo dos anos, os humildes medios de asesoramento que posúe, ao tempo que agradecemos tamén a correcta custodia do seu legado.

Agradecemos ás escritoras e escritores que escribiron sobre a súa obra, que nos acompañan hoxe en gran parte e que non están aquí no escenario, mais celebramos o traballo maxistral sobre a súa obra desenvolto por Mercedes Queixas, Montse Pena Presas, Xurxo Souto ou Pilar Pallarés.

E, como non, a nosa gratitude e beizóns á RAG e ás académicas que a propuxeron e apoiaron a súa proposta.

*Cesáreo Sánchez Iglesias,
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega
Teatro Rosalía de Castro, A Coruña
25 de setembro de 2024*